



I CONTROL DE PISTA CUBERTA DE OURENSE 30 de decembro do 2.017

Os clubs Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Real Club Celta de Atletismo, Club Atletismo Femenino Celta, Club Atletismo Santiago e o Club Atletismo Coruña Comarca organizan o **I Control de Pista Cuberta de Ourense** o **sábado 30 de decembro**, en xornada de mañá, na pista cuberta de Expourense.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Galicia
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola organización da proba, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Atletas de categoría **sub16 en diante**.

Art. 2. As **inscricións faranse a través da extranet da RFEA:** (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **23:59 horas do martes** anterior a celebración da proba.

Art. 3. Nas **probas de velocidade e valados indicárase a mellor marca**. As series realizaranse agrupando aos atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 4. No salto de lonxitude faranse 3 saltos máis tres de mellora das oito mellores marcas. A táboa de batida estará situada a **3 metros**.

Art. 5. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 60 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 6. CUOTA DE INSCRIPCION. Cada atleta que non pertenza a algúns dos Clubs Organizadores (S.G Pontevedra, R.C Celta, A.F Celta, C.A Santiago e C.A Coruña Comarca) deberán aboar unha cuota de 2€ por dorsal no momento de súa retirada.

Art. 7. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

Art. 8. HORARIO (PODERÁ SUFRIR MODIFICACIÓNS DEPENDENDO DAS INSCRICIÓNS. O XOVES 28 PUBLICARASE O NOVO HORARIO EN CASO DE HABER MODIFICACIÓNS).

HOMES	HORA	MULLERES
Salto de Lonxitude sub16 en diante 60 m.v. 0,914 m. sub16/ sub18 Peso sub16 en diante 4-5-6-7,26 kg	10.30	Salto con Pértega
60 m.v. 0,99 m. sub20	10.40	
60 m.v. 1,067 m. Absoluto	10.45	
	10.55	60 m.v. 0,76 m. sub16/ sub18
	11.05	60 m.v. 0,84 m. sub20/sub23/ Absoluto
600 m.l. sub16	11.15	
	11.30	600 m.l. sub16 Triplo salto Peso sub16 en diante 3-4kg
1.500 Absoluto	11.40	
	11.55	1.500 Absoluto
200 m.l. sub18 en diante	12.05	
	12.15	Salto de lonxitude sub16 en diante
	12.30	200 m.l. sub18 en diante

Art. 9. Será obrigatorio a presentación na cámara de chamadas debidamente acreditados con licenza, DNI, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

HORARIO DE PECHE CÁMARA DE CHAMADAS

- Carreiras: 15' antes da hora oficial da proba.
- Concursos (agás pértega): 30' antes da hora oficial da proba.
- Pértega: 45' antes da hora oficial da proba.
- Cadencia da proba de pértega : 1,80 - 1,95 - 2,10 de 10 en 10 cm ata 2,80m de 5 en 5.
- Táboas triplo feminino : 8, 9 e 10 metros.

Art. 10. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.